



(SECRETARÍA)  
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 7 DE XULLO DE 2016**

**LUGAR:** CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

**TIPO DE SESIÓN:** ORDINARIA      **CONVOCATORIA:** PRIMEIRA

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO P.P.

D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS

Alcalde-Presidente

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN

Concelleiro

D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO

Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA

Concelleira

D. ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS

Concelleiro

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA

Concelleira

D. MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA

Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA

Concelleira

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR

Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE

Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS

Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

D. ROMÁN SUÁREZ PORTO

Concelleiro do PSdeG-PSOE

DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

D. LUIS RENDO ARAUJO

Concelleiro

D. MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA

Concelleiro

D. EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. SILVIA NEIRA IGLESIAS

Concelleira

GRUPO MÓVETE

DNA. MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS

Concelleira

GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS

Concelleiro

SECRETARIA

DNA. LUCÍA ARTIME ALONSO

Na Casa do Concello, sendo as vinteunha hora trinta e oito minutos do día sete de xullo de dous mil dezaseis, reúnese no Salón de Sesiões o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para as vinteunha horas trinta minutos, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria do Concello, Dna. Lucía Artime Alonso.

A sesión celébrase previa convocatoria, dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión polo Sr. Alcalde, dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

**ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 2 DE XUÑO DE 2016.** Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 2 de xuño de 2016, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

**2º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPENDIDO ENTRE O 2 E O 31 DE MAIO DE 2016.** Dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións da Alcaldía ditados no período comprendido entre o 2 e o 31 de maio de 2016 (ambos os dous incluídos), e que van dende o nº 356/2016 ao nº 455/2016 (ambos incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

### 3º.- MOCIÓN MÓVETE PARA HABILITAR UN PORTAL DE TRANSPARENCIA.

O **Sr. Alcalde** outorga a palabra á Concelleira de MÓVETE, Dna. Mar Blanco, para expoñer a moción que da lugar a este punto da Orde do Día, aínda que xa foi ditaminada pola Comisión Informativa de Organización e Funcionamento en sesión do 9 de xuño de 2016.

Comeza a súa intervención a **Sra. Mar Blanco** dicindo que dende o seu grupo político se solicita a creación dun portal de transparencia onde os veciños/as teñan acceso a información pública, moción que foi tratada na correspondente Comisión Informativa ditaminando por unanimidade cumprir co estipulado na Lei de transparencia e activar os mecanismos previstos na normativa para o seu cumprimento. Continúa pedindo que se dea cumprimento a esta Lei, xa que entende que os poderes públicos deben dar unha resposta a unha sociedade crítica, esixente e que demanda unha participación nos poderes públicos, polo que pide que o goberno regule os mecanismos para que os cidadáns poidan coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos e baixo que criterios actúan as institucións, de xeito que os cidadáns poidan xulgar mellor a capacidade dos responsables públicos e decidir en consencuencia, xa que entende que garantindo unha mellor fiscalización da actividade pública se contribúe á democracia, promóvese a eficiencia e eficacia do Concello e, incluso, se favorece o crecemento económico.

Toma a palabra a voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, a cal recorda o voto a favor do seu grupo político na Comisión Informativa xa que considera esencial o cumprimento coa Lei de Transparencia, de feito nos últimos tempos a páxina web do Concello foi obxecto de diversas modificacións, sen embargo, considera que é necesario facer unha modificación máis profunda e definitiva para ofrecer toda esa información aos cidadáns e que a Lei nos obriga, así os cidadáns poderán ter acceso a moitos datos que o Concello manexa e facer un seguimento fácil da vida municipal. Ante o anterior manifesta que o seu grupo votará a favor da creación deste portal de transparencia.

Inicia a súa intervención o Concelleiro de BNG, **Sr. Xosé Magariños**, dicindo que se alegra que se chegara a un acordo unánime para beneficiar aos veciños/as e así mellorar o funcionamento da democracia, esperando que este acordo que se vai a adoptar nesta sesión plenaria sobre a aplicación da Lei de Transparencia, mediante a creación dun portal de transparencia, se leve a cabo e se execute e non pase como outras mocións que foron aprobadas en anteriores sesións e quedaron dormidas no olvido, considerando que esta actitude pode ser unha estratexia do grupo de goberno para manter tranquila á oposición.

Intervén o Concelleiro do PP, **D. Alberto Blanco**, quen di que non existe ningunha dúbida de que todos os grupos políticos están de acordo en que ten que haber máis transparencia; sen embargo, debido ás limitacións en material de persoal que existen na actualidade, prexudica á creación deste portal de transparencia, polo que a vía que se plantexa o grupo de goberno e levalo a cabo a través dun xestor de expedientes que veña filado cun portal de transparencia, incluso se ten falado dun portal do traballador, pero todo dentro das posibilidades económicas e das propostas existentes no mercado, sendo éste o cambio a adoptar e non deixalo dormir nun caixón como manifestou o Concelleiro do BNG.

Non habendo máis intervencións procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción presentada con data 17/11/2015 (RE nº 14692) polo grupo municipal de MÓVETE, en relación á habilitación dun portal de transparencia.

Visto o Ditame acadado en sesión do 09/06/2016 pola Comisión Informativa de Organización e Funcionamento.

## ACORDAMOS:

A creación dun Portal de Transparencia onde os cidadáns poidan obter toda a información que regula a Lei, no Título I “Transparencia da actividade pública”.

### 4°.- MOCIÓN MOVETE RELATIVA Á DECLARACIÓN DE “MUNICIPIO OPOSTO AO ACORDO TRANSATLÁNTICO DE COMERCIO E INVESTIMENTO (TTIP)”

O Sr. Alcalde outorga a palabra á Concelleira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, para expoñer esta moción, a cal comeza a súa intervención O Sr. Alcalde outorga a palabra á Concelleira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, a cal pide que nesta sesión plenaria se manifieste a oposición ao Tratado Transatlántico de Comercio e Investimentos (TTIP), xa que considera que as administracións locais, ao estar cerca das necesidades dos seus pobos teñen o deber de inxerencia e de resposta ao que plantexa o TTIP se non queren ser corresponsables de poñer ás persoas e ao planeta en perigo. Como dixo xa na Comisión Informativa, é importante advertir das consecuencias que tería para A Estrada a entrada en vigor deste Tratado e que afectaría a todos os sectores económicos, afectando incluso á competencia municipal ao verse sometida ao interese do mercado establecido polo propio Tratado. Explica que o TTIP obriga delegar directamente nos lobbies empresarias gran parte de las competencias que teñen actualmente os Parlamentos, buscando armonizar as lexislacións de Europa e EEUU, influíndo en todos os ámbitos, especialmente no económico ao legalizar novos mercados beneficiando soamente ás entes empresariais de ambos lados do atlántico e a costa dos dereitos sociais, laborais e ambientais das persoas.

Continuado na súa intervención a Sra. Blanco pasa a enumerar unha serie de cuestión que implicaría a entrada en vigor do TTIP: a redución dos dereitos laborais, o peche de moitas PYMES, desaparición definitiva da agricultura e gandería por non dar competido coas explotacións agrarias estadounidenses, ás denominación de orixe, tamén traería implicacións alimentarias e sanitarias ao non someterse aos controis atuais, afectaría ás competencias municipais ao ter as administracións locais a facer fronte a este Tratado por tender éste á privatización dos servizos e a perda de competencias para a contratación. Para finalizar, considera importante mencionar o establecemento dun mecanismo de solución de controversias entre inversores e estados, de tal xeito que se as grandes empresas consideran que a súa rentabilidade non é a esperada terán a capacidade de demandar aos estados a través de tribunais privados de arbitraje fóra de todo control democrático esixindo indemnizacións millonarias que procederán de diñeiro público, polo que daría total poder ás multinacionais.

Polo dito anteriormente, o seu grupo político solicita que nesta sesión plenaria se acorde declarar ao Concello da Estrada como municipio oposto ao Acordo Transatlántico de Comercio e Investimento (TTIP) defendendo os servizos públicos básicos para a solidariedade e redistribución social.

Inicia a súa intervención a **Sra. Belén Louzao** manifestando que sabe que está en proceso de negociación dende o ano 2013 o devandito Tratado descoñecendo cales son os seus termos e os máis optimistas din que se poderá aprobar no ano 2019. Dito tratado ten por obxectivo eliminar barreras en determinados sectores para facilitar o comercio, polo que o seu grupo político se cré necesario establecer determinados límites para salvagardar determinados aspectos importantes en material laboral, social ou medioambiental, así como na protección de datos persoais ou na seguridade dos consumidores. Sen embargo, non sabe como o Concello se pode declarar oposto a algo que aínda se descoñece o contido e os termos da súa redacción, polo tanto si coincide en que se debería esixir máis transparencia, en que debería haber unha negociación sobre os distintos puntos e eliminar outros. Continúa dicindo que coincide con algunhas cousas propostas na Moción de MÓVETE e non con outras, polo que presentan unha enmenda de substitución na que propoñen unha maior transparencia no proceso de aprobación do Tratado, que se defenda e preserve os estándares europeos en materia social e medioambiental, así como os dereitos laborais, sindicais e de asociación, a retirada do proposto sistema de arbitraje para a resolución dos conflitos (ISDS), que os sistemas públicos de educación e sanidade queden

excluídos deste Tratado, que se realice un estudo do impacto do dito Tratado no noso país, que a UE estableza unha normativa que garante a protección de datos e que se garante a protección do audiovisual europeo.

O **Sr. Alcalde** aclara que tería que ser a propia voceira de MÓVETE (quen presentou a Moción) a que presentara a enmenda ou ben aceptar a proposta polo Partido Socialista, polo que o que se someterá a votación é a Moción inicial, en caso de algunha modificación tería que someterse á Comisión Informativa correspondente.

A **Sra. Mar Blanco** di que a ela lle houbera gustado que dita enmenda de substitución se houbera tratado na Comisión Informativa á que foi sometida inicialmente a Moción que se trae hoxe aquí, polo que non está de acordo en aprobala sen estudala previamente, polo que mantén a Moción presentada polo seu grupo político ou, incluso, deixala sobre a mesa e sometela a Ditame doutra Comisión para efectuar a enmenda que se decida.

O **Sr. Alcalde** pregunta aos membros asistentes ao Pleno se se quere deixar o asunto sobre a Mesa ou continuar co debate.

Intervén o **Sr. Xosé Magariños** para dicir que este Tratado non é só un problema de aranceis entre EEUU e Europa, senón que hai máis cuestións de fondo, xa que EEUU non está disposto a asumir determinada normativa europea desaparecendo esos beneficios dos que gozaba anteriormente, sendo ese o principal problema, xa que as grandes multinacionais americanas queren entrar nun novo mercado (sanidade, educación, cultura,...) pretendendo implantar un gran monopolio privado. Continúa dicindo, que aínda que non se coñeza o contido deste TTIP, o pouco que está na rúa xa preocupa, polo que cando se sepa todo o que contén será para dar medo, xa que se está a falar de regularizar totalmente todos, dun Tratado que están a negociar 600 representantes das empresas privadas, onde non pintan nada os parlamentos dos estados nin o da UE. Polo tanto, di que só polo anterior debémonos apoñer a este Tratado porque se destruíría a sociedade tal e como a concebimos agora, se convirtía en mercancia todo aquilo que ten que ver co ser humano.

Para xustificar o contido da súa exposición o Sr. Magariños da lectura a varios frases de economistas de renome, que poñen de manifesto que o que se pretende con Tratados o acordos como o que se trata aquí desencadenarían a destrución da sociedade da que gozamos hoxe en día.

Intervén o **Sr. Alcalde** para propoñer deixar o asunto sobre a mesa co gallo de levar esta moción a unha nova Comisión Informativa, na que o grupo socialista podería levar a súa proposta de enmenda de substitución ou ben levar outra moción, todo elo para ditaminar conxuntamente e levala de novo a sesión plenaria.

A **Sra. Mar Blanco** está de acordo con que a súa Moción non sexa sometida a votación e sexa levada a Comisión Informativa, pero coa condición que sexa levada ao Pleno do próximo mes de agosto.

A **Sra. Belén Louzao** di que lle gustaría saber a posición do Partido Popular en este tema.

Contesta o **Sr. Alberto Blanco** que a súa opinión coincide co manifestado polo grupo socialista, entendendo que non vale ningún tipo de acordo, pero estamos tratando que este non é competencia municipal, autonómica nin estatal, senón que se trata dun asunto que lle corresponde á UE, sen embargo non lle parece de moito sentido común é tomar un acordo sobre algo que non ha sido aprobado e se descoñece o contido total do devandito Tratado, parecéndolle que manifestarse neste momento é algo prematuro.

Debatido sobre o particular, acórdase, por unanimidade, retirar este asunto da Orde do Día.

## 5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Inicia o turno de rogos e preguntas o PSdeG-PSOE, a través da súa voceira **Dna. Belén Louzao**, quen pregunta qué criterios se están a utilizar para autorizar a uns e a outros non para efectuar merendas de nenos nas Piscinas municipais con motivos da celebración de cumpreanos, santos, etc. A este respecto di que lendo o Regulamento das Piscinas non atopou ningunha cláusula que regulase a utilización das piscinas para este tipo de eventos, así mesmo que se debería fomentar o uso destas instalacións a través do cobramento dalgunha taxa.

Contesta o Sr. Alcalde que lles consta que existe malestar e queixas en relación a este tema ademais dalgún outro, como é o caso da non permisibilidade de acceso a menores de 14 anos sen estar acompañados dun adulto por parte do persoal das Piscinas municipais, aclarando que eso non provén dalgunha orde dada pola Alcaldía ou pola Concellaría de Deportes, polo que se supón que se trata de interpretacións ou decisións do persoal traballador desas instalacións, polo que garante que dende o Concello nunca se autorizou ou denegou a celebración de merendas ou cumpreanos nesas instalacións. Di que se vai a investigar este asunto, ademais de flexibilizar a utilización das Piscinas municipais.

Continúa a **Sra Belén Louzao** afirmando que o Sr. Concelleiro de Deportes sabe que a unha familia non lle deixaron facer unha pequena merenda para a celebración dun cumpreanos, cando a outras si se lles permitiu. Neste orde, pide que se habiliten un par de mesas para facilitar este tipo de actividade.

Con respecto ao tema dos produtos fitosanitarios e ao carnet para a utilización dos mesmos, pregunta que se está a facer dende o grupo de goberno para celebrar máis dun curso nas distintas parroquias deste concello e por qué se fan cursos nalgunha parroquia e noutras non, por eso solicita unha relación das parroquias onde se celebraron os cursos e que se lle diga que criterios se están a utilizar para decidir en que parroquia se celebran e a cantidade dos mesmos e as previsións.

O **Sr. Alcalde** resposta que neste momento carece desa información, pero se lle dará dita información por escrito.

A **Sra. Louzao** recorda que na pasada sesión plenaria se preguntou sobre como estaba o tema do IBI en relación ao cobramento e afección do mesmo aos distintos veciños da Estrada, respondendo o grupo de goberno que se convocaría de inmediato unha Comisión para estudar o tema para tralo a esta sesión, sen embargo esa promesa non se cumpriu e se segue agardando, polo que pregunta cando se vai a convocar dita Comisión.

Contesta o **Sr. Alcalde** que se está pendente da repercusión que vai a ter o proceso de regularización catastral, estando pendentes tamén de que ORAL nos diga cal vai a ser a repercusión das altas das explotacións agrarias; di que algo se fixo xa, abriuse un período voluntario comunicando a máis de 700 persoas a súa situación irregular das que case o 50% acudiron para regularizar a súa situación e dar de alta no catastro as súas propiedades ou ben comunicar as modificacións existentes nas mesmas. Repite que están pendentes de que se lles faga chegar por Catastro e o ORAL esas repercusións para tomar medidas, ao igual que se están a tomar noutros concello onde se implantan bonificacións de ata o 95% no IBI para as explotacións agrarias, sen embargo están sendo recurridas e, posiblemente, pódese sentenar que esas bonificacións non sexan legais. Ante o anterior este goberno está esperando para despois estudar o outorgamento de bonificacións de forma non liñal para que sexan legais e beneficiosas, pero sempre coa previa convocatoria da Comisión Informativa correspondente.

A **Sra. Belén Louzao** di que nos medios de comunicación se informou que no mes de setembro comenzaría o tema da Gardería; recorda que no último Pleno se preguntou polo Convenio coa Xunta de Galicia, contestando o Sr. Alcalde que se estaba a negociar e a estudar os compromisos de ambas as dúas partes antes da sinatura do dito Convenio. Pregunta si xa está asinado o Convenio, se lle poden facilitar copia do mesmo e se xa se saben cales son esos compromisos dos que falaba.

Responde o **Sr. Alcalde** que se ten avanzado bastante con respecto ao tema da nova Gardería, unha vez estudados diversos puntos, pechados os datos extrapresupostarios, estando a obra pechada e tendo os datos xeotécnicos, se estima un orzamento aproximado de execución da obra en torno a 900.000 euros, pero despois di que hai un gasto a maiores que ascende a 1.070.000 € (que será o orzamento definitivo desta obra), no que se inclúen redacción do proxecto, honorarios, traballos xeotécnicos e o equipamento da propia gardería (valorada polo propio Consorcio en máis o menos 90.000 €); pois ben, co esa cifra, di que hai unha proposta de financiamento de en torno a 2/3 asumidos polo Consorcio Galego de Servizos Sociais (740.000 €) e outro tercio o debería de asumir o Concello de A Estrada (337.000 € aproximadamente). En resume diría que esa sería a proposta de Convenio que temos agora mesmo enriba da mesa e, unha vez estipulado os diversos custos, se procedería a negociar co Consorcio para que o Concello teña que pagar o menos posible. Finaliza dicindo que conta que neste mes se poida asinar o Convenio, proceder á cesión da parcela e iniciar a licitación da obra.

Di a **Sra. Louzao** que, como sempre, o Sr. Alcalde fala de cousas que despois non cumpre, xa que no mes de xuño dixo que todo se faría neste mes de xullo e agora volve a dar largas, pero espera que se lles dea copia dese Convenio para ter coñecemento dos compromisos acadados polo Concello.

Tamén recorda outras promesas incumpridas do Pleno pasado, sobre a información de que pasou doa revista (75 aniversario) e polo asfaltado das pistas do rural que están cheas de baches, aínda que pensa que estarán esperando ás vísperas das eleccións autonómicas porque é demostrado que o actual grupo de goberno só traballa en vísperas de eleccións. Tamén lles lembra o problema dos contedores de lixo no rural, que necesitan substituírse ou repoñerse, pedindo que se reparen dunha vez as pistas no rural e a retirada da substitución dos contedores en mal estado.

O **Sr. Alcalde** lamenta a visión tan dramática da Sra. Louzao ademais de invitala a que pasen polas pistas de Deputación, porque nela goberna os socialistas e, sen embargo, están nun estado de abandono total. Explica que si o plan de asfaltados non se ha levado a cabo é porque hai que respectar os procedementos de contratación, pero está presupostada un plan de inversións de máis de 1.000.000 de euros. Por outra banda dí de hoxe aínda non chegou a resolución formal por parte da Deputación Provincial sobre a concesión dunha subvención para asfaltados de pistas no rural, é dicir, que aínda a Deputación non resolveu os proxectos deste Concello para reparación de vías. A parte do anterior di que no Orzamento municipal están previstos 200.000 euros para asfaltados de obras, 250.000 € do PDR, o que supón que neste verán se manexarán en torno a un millón de euros para mellorar o estado das pistas no rural. Ante o anterior trasalada a garantía e o compromiso de que ditas actuacións se van a facer durante o verán. Recorda que son case dous mil cincocentos quilómetros de camiños municipais, polo que é difícil chegar a todas, pero se está a facer de maneira coordinada.

Con respecto ao tema dos desbroces, o Alcalde di que esta semana de adxudicou un contrato por importe de 50.000 euros para o reforzo na limpeza e desbroce, en complemento das tres desbrozadoras municipais que están traballando en turnos de mañán e tarde para atender as necesidades do rural, recordando que este tipo de traballos teñen que facerse nos meses estivais de xuño, xullo, agostos e setembro. Por último manifesta o seu desexo de seguir traballando nun calendario de catro anos para intentar deixar todas as pistas que estén en mal estado e que teñen máis circulación en un perfecto estado.

A **Sra. Belén Louzao** pregunta cantas persoas están agora no equipo de bacheo e onde están traballando, porque, dende logo, non se ven por ningún sitio.

Resposta o **Sr. Alcalde** que neste momento existe un problema con respecto ao equipo de bacheo, xa que o persoal de colaboración social rematou o seu contrato o 1 de xullo e a Xunta de Galicia non nos aprobou os proxectos de colaboración social, está a falar de 40 persoas que formaban parte das brigadas de obras e na brigada de bacheo, pero é un problema xa solucionado e o día 18 deste mes se

incorporará ese novo persoal; recorda que no equipo de bacheo hai un pisón, un camiión, etc, estando 5 ou 6 persoas traballando todos os días e cando hai persoal provinte do plan da Deputación se destinan para reforzar o persoal, facendo turnos de mañán e tarde.

A **Sra. Belén Louzao** di que non lle queda claro cantas persoas hai para o equipo de bacheo.

O **Sr. Alcalde** di que cré que quedou perfectando explicado, pero repite que agora mesmo este equipo está parado por mor desas 40 persoas a quenes non se lle renovaron os contratos, e que reanudarán su traballo o 18 de xullo e que complementarán os distintos servizos municipais, incluído o de bacheo; pero mentres non se incorporen o persoal existente está incorporado ao servizo de recollida de lixo e limpeza viaria.

Ante o anterior a **Sra. Belén Louzao** conclúe que a xestión do grupo de goberno fai augas por todos os lados, xa que observa unha mala xestión á hora de planificar os equipos, á hora de establecer as datas para levar a cabo moitas cousas que despois non se cumpren e mala xestión á hora de satisfacer as necesidades dos veciños. Manifesta a súa opinión de que é urxente facer o bacheo das pistas no rural, polo que o goberno debería de prever que os contratos finalizan e buscar solución.

Continúa lembrando que dende o mes de maio se está esperando que se dea contestación á solucitude de copias das sentenzas ditadas a favor dos traballadores deste Concello.

O **Sr. Alcalde** resposta que nas actas da Xunta de Goberno Local ten toda a información sobre ditas sentenzas, tendo que comprender que o persoal municipal ten o seu traballo, e o persoal de Secretaría e Persoal non ten tempo folgado para facer ese tipo de cuestións. Ademais lle di que ten todas as portas abertas das oficinas municipais para acceder a toda a información que lle interese. Con respecto ás sentenzas que solicita, seguro que no seu grupo político teñen constancia delas, xa que moitas delas proveñen da mala xestión de cando gobernaba o partido socialista, por contratos renovados en fraude de lei. Aclara que non existe ningún inconvinte en facilitarlle esas sentenzas, pero delas se da conta nas Xuntas de Goberno Local e, polo tanto, constan nas actas, e non pode esquecer que o persoal municipal ten que dispoñer de tempo para recabar todas esas sentenzas, tempo do que non dispón, pero deixa claro que non existe ningunha orde por parte da Alcaldía para que non sexa entrega dita documentación.

Con respecto á Gardería lle recorda á oposición que se tardou un mes na sinatura do Convenio e non anos como tardou en aprobar o proxecto cando gobernaba o partido socialista, polo que pide coherencia política, porque non se pode tachar ao seu grup de goberno de abandono ou desinterés cando están traballando para executar a construción dunha nova Gardería, traballando de forma rápica e inmediata para a tramitación do expediente respectivo. Polo dito manifesta que este goberno está e seguerá a facer todo tipo de xestións para o beneficio dos veciños, cos impedimentos que supoñen a gran dimensión do rural estradense e a situación das infraestruturas.

A **Sra. Belén Louzao** califica de mago ao Sr. Alcalde pola súa capacidade para dar a volta ás súas palabras, dando unha sarta de excusas e lle pide que xestione, cumpra cos seus prazos, cumpra coas súas palabras e que deixe de vender fume.

O **Sr. Alcalde** agradece o Concello da voceira socialista, pero aclara que non lle vai mal e, como este Concello ten capacidade de mellora, se acollerá aos seus consellos.

Inicia o seu turno a Concelleira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, para puntualizar, en primeiro, lugar que ata fai pouco utilizábanse herbicidas no noso Concello e, a partires da moción presentada ao respecto polo seu grupo político, deixouse de utilizar.



Contesta o **Sr. Alcalde** que o Concello fai anos non utiliza herbicidas, polo menos dende que está o seu grupo de goberno. Naquel debate derivado da moción de MÓVETE se falou da utilización deste produtos pola Deputación na limpeza de cunetas e da reclamación feita por veciños pola suposta utilización na rúa da Cultura, pero garante que este Concello fai anos que emprega herbicidas na limpeza viaria.

Continúa a **Sra. Mar Blanco** para dicir que, revisando as actas da Xunta de Goberno Local, observou un gasto de case 5.000 euros a favor da empresa Wecom Comunicación, polo que pregunta en que se xustifica a aprobación deste gasto.

O **Sr. Alcalde** resposta que cré que é un gasto dentro do servizo de promoción e difusión da Rapa das Bestas (segundo Convenio asinado coa Dirección Xeral de Turismo), entre o que destaca contratacións para levar a cabo o festivas Rapasóns.

A **Sra. Mar Blanco** di que foi a Intervención e aínda non tiñan esa factura, polo que solicitan poder vela cando sexa recibida, xa que lle parece un importe excesivo para un servizo que consiste tan so en recibir á prensa que ben de fóra con motivo da Rapa das Bestas.

O **Alcalde** di que por suposto terá acceso a esa factura e a todas aquelas que desexe.

Continúa a **Sra. Mar Blanco** dicindo que lle gustaría saber de canto é a subvención da Xunta de Galicia que recibiu o Concello da Estrada para a Promoción do Galego e en que se gastou ese diñeiro.

O **Sr. Alcalde** descoñece ese dato, cré recordar que saeu unha subvención da Deputación para actividades en galego, é dicir, para potenciar o galego a través de asociacións, actividades culturais, comercio, etc., polo que entende que debe de ser esa, de todos os xeitos se lle dará resposta sobre ese asunto.

A **Sra. Mar Blanco**, a petición dos veciños afectados, quere saber en relación á zona de urbanización de Mercadona, como está ese expediente, xa que a empresa chegou a acordo con algún propietarios (78% do terreo afectados) pero non cos propietarios do 22% do terreo restante.

Responde o **Sr. Alcalde** que estivo reunido cos propietarios do terreo afectado polo expediente de desenvolvemento urbanístico privado, porque nun principio se falaba que o Concello tiña que expropiar os terreos, pero temos un Plan Xeral e unhas normas urbanísticas polas que se establece que calquera desenvolvemento urbanístico se pode executar tendo o acordo favorable do 51% dos propietarios e, polo tanto, o Concello o único que pode facer é a tramitación urbanística, polo que non compete ao Concello a expropiación nin a negociación, outra cousa e ter informados aos veciños de calquera información existente sobre o expediente. Continúa dicindo que a empresa interesada (Sol de Salema) chegou a un acordo co propietario maioritario (78% do solo), polo que é suficiente para iniciar un proxecto, presentando un plan parcial e o deseño urbanístico deses 37.000 m<sup>2</sup> e, a partires de aí, está pendente da aprobación inicial (que da lugar á exposición pública e que abre prazo para a presentación de alegacións). Di que a semana pasada chegou o informe da Consellería de Medio Ambiente, no que consta que dito proxecto non ten un impacto importante na zona, polo que correspondería ao Concello emitir o informe correspondente para proceder á aprobación inicial e iniciar dita exposición pública. Repite que o Concello non participa neste proxecto, se trata dunha licenza urbanística e así se trata, o demais é unha negociación entre os promotores e os propietarios das fincas afectadas s través dunha xunta de compensación.

A **Sra. Mar Blanco** quere saber si se recibiu o informe de Patrimonio sobre o arranxo da Ponte de Liñares.

O **Sr Alcalde** responde que os responsables de Patrimonio lle trasladaron que

ían sometelo a aprobación durante este mes, pero non teñen constancia, pero dende o Concello se vai a preciosar para que o aproben o antes posible.

Pregunta a **Sra. Mar Blanco** se foi recibido o informe de Patrimonio sobre o Castro de Aguións, pendente para continuar coa variante da autovía.

Contesta o **Sr. Alcalde** que dito informe non está pechado aínda, porque a última vez que Patrimonio estivo na zona apareceron restos dunha segunda muralla pero non está determinado o alcance, de feito Infraestruturas está pendente do dito informe para continuar coa obra, se hai que establecer unhas medidas corretoras ou facer cambios máis profundas, pero por agora non se sabe nada ata que dito informe sexa redactado. De todos os xeitos na aprobación do Plan Xeral se contemplaba o trazado da dita variante, contando co informe favorable de Patrimonio, pero xa se verá o resultado, esperando que haxa vontade negociadora, sempre respetando o patrimonio cultural e histórico, pero buscando unha solución satisfactoria para facer efectivo o proxecto do nomeado trazado.

Por último a **Sra. Mar Blanco** prega que se arranxen as baldosas das novas beirarrúas da Zona da Baiuca, destrozadas con motivo da actuación nas festas patronais da Orquesta Panorama. Tamén recorda que está sen pintar o paso de paóns da rúa Decoita, actuación que se quedara de facer na primaveira.

Inicia o seu turno o Concelleiro de BNG, **Sr. Xosé Magariños**, dicindo, con respecto ao trazado da variante, que se debería esixir responsabilidades a Cultura (funcionarios ou responsable político), xa que non se poden elaborar informes favorables para despois informar negativamente, xa que é certo que se debe protexer o patrimonio, pero débese prever antes e non con posterioridade, polo que se debe esixir responsabilidades por esa metedura de pata.

Continúa pedindo que se efectúen varias limpezaas na parroquia de Vinseiro: unha do camiño que vai dende Lamas a Vinseiro, outra no acceso a Freán e tamén no Agro de Barcia. Por outra banda prega que se tape ou asfalte un burato existente na rúa Gradín (no cruce entre a rúa 25 de Xullo e a rúa Gradín), algo que solicitou xa fai varios meses.

Tamén prega que se retiren uns troncos que obstrucen o cauce do río Liñares, á altura da pontella sita na praia fluvial; solicita, así mesmo, que se retire unha árbore no lugar de Balteiro (Sto. André e S. Xiao de Veá) e que obriga aos vehículos a desviarse ademais de ser un perigo, cuestión que xa foi avisada por un veciño á Alcaldía.

Por outra banda, di que é necesario retirar a herba na praia fluvial de Couso, sita alí despois de habela cortado. Tamén prega que se limpen e baldeiras as beirarrúas das rúas San Antón, Gradín e principal, polo lixo acumulado despois das festas patronais.

Continuando na súa intervención, o Sr. Magariños formula tres preguntas: a primeira é saber que vai a facer o grupo de goberno con respecto ao problema dos sumidoiros no camiño de acceso á Estación de Bombeo.

Con respecto a esta pregunta, o **Sr. Alcalde** explica que se ten adxudicado con cargo á unha baixa do Plan de Camiños do 2013 da Deputación unha obra que se está a facer en tres fases, a primeira afecta á Avda de Santiago, a segunda é unha obra que afecta ás beirarrúas en torno á Gardería e unha terceira fase que é un proxecto consistente no asfaltado en Figueroa e casco urbano, e unha mellora do tramo que vai ata a Depuradora de Figueroa (pendente de asinar o contrato de adxudicación) e que melloraría o problema de sumidoiro existente nesa zona.

O **Sr. Xosé Magariños** pregunta como está o expediente do Matadoiro municipal.

O **Sr. Alcalde** di que ese tema é moi complicado xa que a empresa está en suspensión de pagos, hai un inventario en concurso de acredores, hai un administrador concursal quen procedeu á venda de todo o material que tiña inventariado a empresa (COCARGA), o que dificulta moito a posta en marcha novamente o Matadoiro, porque, ou ben obriga ao Concello a facer un investimento importante para prove-lo de material para o seu funcionamento, ou ben obriga á empresa concesionaria a incluílos dentro dos Pregos e asumilo dentro da xestión da

empresa; está última opción, segundo consulta con empresas do sector, é unha posibilidade case imposible, xa que implicaría a inversión de moito diñeiro para a xestión do Matadoiro e, con respecto á primeira opción de que sexa o Concello quen invirte na merca dese material, é algo que hai que valorar.

O **Sr. Xosé Magariños** formula unha última pregunta: cales son os prazos de inicio e remate das obras da rúa Fermín Bouza Brei?, xa que é necesario poñer fin aos problemas de subministro de auga para os veciños do edificio "Las Palmeras".

Resposta o **Sr. Alcalde** que existen dos proxectos distintos pero que afectan á mellora da rede de abastecemento de auga, un é a reparación da rede principal que vai dende o depósito de Penerada ata a entrada do casco urbano (actuación valorada en torno a 111.000 euros); e outro proxecto que é facer o anillo de seguridade en torno á Avda de Benito Vigo, de xeito que, en caso dalgún problema, se poida seguir dando subministro ao resto das rúas do casco urbano, sen ter que cortar todo o subministro; pero, di, que tamén hai que mencionar o propio proxecto que afecta á rúa Fermín Bouza Brei, e que intentará dar solución a ese problema e que afecta directamente ao Edificio "Las Palmeras", está a falar dun proxecto acordado cos veciños o ano pasado e se intenta levar a cabo neste ano, para o que se dispuxo de parte dos fondos da Deputación para redactar un proxecto que afecte á marxe dereita desa rúa, co cambio dos servizos de abastecemento e saneamento, coa reposición das beirarrúas e pavimentación de todo o tramo; dito proxecto (cun orzamento de 170.000 €) se executará en 2 fase, o primeiro que é a reposición da rede de abastecemento de auga e saneamento e, a segunda fase, sería a reposición de beirarrúas e asfaltado do tramo afectado, pero comunica que se está pendente da resolución da Deputación.

Non habendo máis intervencións por parte dos membros da Corporación, o Sr. Alcalde, en cumprimento do disposto no Regulamento de Participación Cidadá, pregunta ao público asistente se queren facer algún rogo ou pregunta, previa entrega do DNI.

Solicita a palabra o **Sr. Juan Aurelio Gestoso Morlán (DNI 76869626S)** para preguntar cando se rematarán ou emprenderán as obras de Fermín Bouza Brei, xa que os veciños desa zona están sen auga ou con pouca forza, situación que trastoca á vida normal dos residentes, sobre todo aqueles que teñen nenos pequenos.

O **Sr. Alcalde** contesta que non quere incumprir dando prazos, pero lle pode dicir que xa chegou onte a comunicación da Deputación pola que o Concello pode iniciar o proceso de licitación, a cal vai mediante procedemento negociado sen publicidade, polo que se prevé quintar ese proxecto de forma inmediate, sobre tendo en conta o prazo para a execución da mesma para non perder a subvención outograda pola Deputación Provincial. Sen embargo, é moi difícil dar a data de comezo das obras pero cré que neste mes se pode ter o contrato adjudicado e empezar os traballos o mes que ven.

\*\*\*\*\*

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros e do público asistente, levántase a sesión ás vinte e tres horas oito minutos.

A Estrada, 7 de xullo de 2016  
A SECRETARIA,

Asdo.: Lucía Artime Alonso